XIII ANDAINA E VI TRAIL

``CONCELLO DE BANDE´´

Data: Domingo, 29 de agosto do 2021
Hora: a partir das 9:00h.
Lugar: Praza da Constitución (Bande).
Distancias:

Andaina:

- Andaina aproximadamente 16 Km.

Trail:

- Trail corto aproximadamente 16,5 km
- Trail largo aproximadamente 26,5 Km

Organiza: Concello de Bande.

Coorganiza: Xunta de Galicia, a través da Secretaria Xeral para o Deporte, e Deputación de Ourense.

Inscrición: Límite 350 inscritos que poderán variar segundo a normativa do COVID 19 do momento. Aboarase 12€ para participar na andaina e 15€ no trail.

Pódese inscribir na APP "Saudeter Live"**,** ou na piscina municipal, de 11h. a 13h., **ata o 20 de agosto.** Para máis información teléf.: **650 959 784**

REGULAMENTO
Protocolo Covid-19: En todo momento tanto a organización, atletas e outras persoas que estean implicadas no transcurso do evento seguirán o "PROTOCOLO FISICOVID – DXT GALEGO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA FACER FRONTE A CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19 NO AMBITO DO DEPORTE FEDERADO DE GALICIA".

1.- XERAL:

Aproveitando o medio rural e o entorno paisaxístico no que se encontran localizadas as zonas de municipio de Bande, o concello organiza a XIII Andaina popular e o VI Trail.

PARTICIPACIÓN:

Poderán participar os maiores de idade ou maiores de 16 anos con autorización dos seus pais/nais ou titores (na andaina no hai mínimo de idade, sempre que os/as menores vaian acompañados por un/unha titor/a).

HORARIO:

Recollida de dorsais.

A organización con antelación suficiente facilitara a cada participante as instrucións para a recollida de dorsais e do desenvolvemento da proba no correo facilitado na inscrición e nos soportes dixitais que a organización utilice para a promoción e información do evento.

26 e 27 de agosto en Ourense na rúa Picasso, nº12 – 32002 O Couto, en horario de 10:00h. a 13:00h.

28 de agosto na praza da Constitución de 10:00h. a 13:00h. e de 16:00h. a 20:00h.

O propio día, 29 de agosto, dende as 8:00h. ata 15 minutos antes da saída de cada corredor. Por favor, revisa con antelación o teu dorsal para respectar a hora de recollida de dorsais e de saída.

É moi importante que os participantes lean o protocolo AntiCovid19 e que a hora de recoller o seu dorsal traian asinada a "Declaración responsable"(Anexo I). Sen esa declaración asinada non se lle poderá facer entrega do dorsal.

Saída.

O formato empregado na proba será o de contrarreloxo con saídas escalonadas cada 20" de 4 en 4 corredores (este formato poderá variarse se os protocolos ou as condicións o permiten) tratando en todo momento de evitar contactos próximos ou posibles aglomeracións.

Debera gardarse en todo momento a distancia mínima de 1,5 m de separación tanto na saída da proba, como en calquera adiantamento entre corredores durante o transcurso da mesma. Non respectar esta distancia pode ser causa de descalificación do atleta que infrinxa a devandita norma.

As persoas participantes deberan presentarse na liña de saída segundo o horario previo publicado pola organización e cunha máscara obrigatoria (a organización proporcionara, a maiores da que traian, unha mascara quirúrxica no momento de atravesar a liña de meta) e so a sacaran xusto no momento anterior a saída da proba, depositándoa nun recipiente destinado para tal efecto.

A saída será para o trail e para a andaina por quendas segundo indique a organización en futuros comunicados.

9:00 Saída Trail Longo 26,5 km.
TRAIL LONGO
08:55:00 - Presentación Dorsais 1 ao 12
Presentación de 12 en 12 cada 1 minuto
09:00:00 - Saída Dorsais 1 - 2 - 3 - 4
Saídas de 4 en 4 cada 20 segundos
Moita atención para respectar a orde de saída.
09:09:00 - Saída Dorsais 105 - 106 - 107 - 108
Axustar tempo en función da inscrición.

9:20 Saída Trail Curto 16,5 km.
TRAIL CURTO
09:15:00 - Presentación Dorsais 1 ao 12
Presentación de 12 en 12 cada 1 minuto
09:20:00 - Saída Dorsais 1 - 2 - 3 - 4
Saídas de 4 en 4 cada 20 segundos.
Moita atención para respectar a orde de saída.
09:29:00 - Saída Dorsais 105 - 106 - 107 - 108
Axustar tempo en función da inscrición.

9:40 Saída andaina 16 km.
ANDAINA
09:35:00 - Presentación na zona de saída
09:40:00 - Saída
Saídas de 8 en 8 cada 20 segundos.
Non competitiva, non inflúe orde de saída.
09:45:00 - Saída camiñante 120
Axustar tempo en función da inscrición.

13:30 Entrega de trofeos, sorteos de material deportivo (bastóns, mochilas, riñonera...) e diversos pinchos de degustación.

2.- CATEGORÍAS:

Estableceranse as seguintes categorías:

- **Senior (masculino / feminino).** < 36 anos.

- **Veterano A (masculino / feminino).** de 36 a 45**.**
- **Veterano B (masculino / feminino).** de 46 a 55**.**
- **Veterano C (masculino / feminino).** de 56 >

3.- INSCRICIÓNS :

Pódese inscribir na APP "Saudeter Live", ou na piscina municipal, de 11h. a 13h., **ata o 20 de agosto.** O custe da inscrición será de 12 euros para participar na andaina e 15€ no trail.

4.- PREMIOS:

- No trail trofeo para @s **tres primeir@s clasificad@**s **absulut@s** (masculino e feminino, tanto na modalidade do trail longo como de curto e para os primeiros das *categorías establecidas* do trail longo (senior e veteranos de A a C e medallas para os 2º e 3º clasificad@).

- Trofeos para o/a **atleta máis veterán/a** do trail longo.

- Trofeos para o **primeiro/a estranxeiro/a** clasificado/a do trail longo.

Os premios non son acumulativos.

OS ATLETAS QUE OBTEÑAN ALGÚN PREMIO DEBERÁN ACREDITARSE CO D.N.I. OU PASAPORTE.

5.- AGASALLOS

- Camisetas para os 350 primeiros/as inscritos/as da proba, avituallamento para tódolos/as participantes e sorteos de diverso material deportivo.

6.- SERVIZOS

· Entrega de dorsais.

· Puntos kilométricos sinalizados no trail longo

· Avituallamento cada 4 Km aproximadamente, dependendo da dureza do terreo.

· Roupeiro.

- Vestiarios e duchas.
- Aparcamentos.
- Entrega de premios.
- Música.
- Sorteo de material deportivo.
- Comida conxunta fin de proba.
- Seguro accidentes e R.C.
- Servizo masaxista postcarreira.
- Bañeiras de xeo (crioterapia).

Nestes servizos cumprirase a normativa sanitaria prevista fronte ao Covid 19, podéndose modificar algúns dos puntos anteriormente sinalados.

7.- SINALIZACIÓN E CONTROIS

- O percorrido estará sinalizado con cintas de alta visibilidade, estacas, sinais, sendo obrigatorio o paso por tódolos controis establecidos.
- Estará sinalizado o recorrido cada 300 m ou en puntos conflitivos.
- Haberá diferentes controis aleatorios en puntos estratéxicos para o correcto desenrolo das probas nas súas respectivas modalidades.
- Control no km. 15. Quedarán fóra da competición tódol@s atletas que non superen o primeiro tramo en menos de 3h. debendo entregar o dorsal e quedar en dita zona para regresar a Bande. Ás 15h. o circuíto quedará pechado. Calquera atleta que reste no circuíto deberá acercarse ao avituallamento máis próximo e no caso de querer seguir a actividade, a organización non se responsabiliza de calquera accidente ou problema que xurda durante a ruta.

8.-AVITUALLAMENTOS

Por respecto ao entorno será obrigatorio depositar os restos de lixo en zonas habilitadas para tal fin. Haberá 6 avituallamentos o longo do percorrido:

- Tres líquidos.
- Tres sólidos e líquidos.

9- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- A organización reservase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas obrigan ou por forza maior. Os participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados.

- A organización declina toda responsabilidade no caso de accidente, neglixencia, así como dos obxectos de cada participante. Os participantes exoneran a organización de toda responsabilidade no caso de accidente ou lesión.

- A organización contará cos servizos de ambulancia, médico, comunicación e emerxencia de protección civil, así como una póliza de seguro de responsabilidade civil e de accidentes para cada un dos participantes de ambas probas.
- A organización non se fará responsable de ningunha lesión que teña que ver ca NON preparación física ou mental do asistente.

- Por o feito de tomala saída, tódol@s participantes/as aceptan o presente regulamento.

- **DECLARACIÓN RESPONSABLE:** Cada atleta deberá presentar un documento que atopara ao final deste regulamento, ANEXO I, para indicar que nos 14 días previos non percibiu en si mesmo síntomas compatibles co COVID-19. Terá que cubrir con bolígrafo, asinar e entregar este documento impreso ao recoller o seu dorsal. Importante: Sen a entrega do documento non se poderá participar no evento.

-**XULGAMENTO DA COMPETICIÓN:** A proba forma parte do calendario oficial da Federación Galega de Atletismo polo que estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da FGA. Ademais, haberá persoal da organización encargado de controlar o cumprimento do protocolo Anti COVID-19 ao longo de todo o percorrido.

- **DESCUALIFICACIÓNS:** Será obrigatorio cumprir o protocolo COVID19 para o desenvolvemento da proba.
Todo/a aquel/a que non o cumpra poderá ser descualificado (incluso antes de comezar a competición).
Non se permite:
• Correr xusto tras outro/a participante a unha distancia inferior a 1,5 m.
• Adiantar a outro/a participante a menos de 1,5 metros de distancia lateral.
• Incumprir o protocolo Anti COVID-19 da proba.
• Non levar axeitadamente o dorsal no peito, e/ou o chip.
• Non realizar o percorrido completo.

• Manifestar un mal estado físico evidente.
• Manifestar un comportamento non deportivo coa Organización, cos outros deportistas ou co público, facendo protestas maleducadas, ou se reitere en protestas inxustificadas ante a Organización.
O persoal de Organización, está facultado para retirar xustificadamente da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente.
Todo/a aquel/a corredor/a descualificado/a recibirá unha máscara e deberá retirar o seu dorsal e abandonar o circuíto inmediatamente.
O tempo máximo para completar a proba é de 6 horas.

RECLAMACIÓNS: As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao Xuíz Árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

NORMATIVA: Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.

PROTOCOLO ANTI COVID-19: A competición desenvolverase seguindo o Protocolo FISICOVID – DXT Galego da Federación Galega de Atletismo en vigor. Estableceranse medidas de actuación Anti COVID-19 específicas para esta competición.

- **A ORGANIZACIÓN DO EVENTO PODERÁ MODIFICAR CALQUERA DOS PUNTOS PARA PRIORIZAR A SAÚDE DO CORREDOR E DO PÚBLICO FRONTE Á COVID-19.**

Organiza:

Coorganiza:

DEPUTACIÓN OURENSE

XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO

NON
Fronte á violencia de xénero
só cabe unha resposta.
Sen ningún xénero de dúbida.

Proba oficial federación galega de atletismo:

Patrocinadores: